



1. ÁREA DE IDENTIFICACIÓN
Código de referencia: ES GA 27028 AHP Lu 2.4.1.5. Penamaior 3.1
Título: Tumbo, memoria y fiel traslado de los cotos, jurisdicciones, foros, rentas, censos, montes, patronazgos, presentaciones de beneficios, privilegios, ventas, compras, donaciones, apeos, ejecutorias, pleitos y otras cosas del Monasterio de Pena Mayor, hecho \comenzado/ año de 1702 \debía decir principiado y no hecho/ siendo abad presidente el Padre Fray Sebastián Cavallero
Datas de produción: 1702/1835
Nivel de descrición: Unidade documental
Volume da unidade de descrición: 1 libro, 44 x 32 cm.
2. ÁREA DE CONTEXTO
Nome do produtor: Mosteiro de Santa María de Penamaior
Historia institucional: Non se coñece con certeza a data de fundación deste mosteiro, pero sitúase aproximadamente na segunda metade do século XII. No tumbo que se conserva neste arquivo indícase que foi fundado por monxes desprazados do mosteiro de Carracedo, sen indicar unha data concreta. É de supoñer que, igual que o mosteiro matriz, foi inicialmente beneditino e posteriormente cisterciense. No ano 1225, segundo indica o tumbo, o papa recoñéceo como abadía, e pode ser a data da súa independencia con respecto a Carracedo. Adquire mediante doazón e por compra os coutos de Penamaior, Fonteo, Retizós, Santa María de Cascallá, Narón e Vilaselle. Tiña propiedades nas parroquias de Penamaior, Furco, Cereixal, Cadoalla, Cascallá, Fontarón, Sevane, Vilamane, Veiga, Vilachá, Tortes, Vilaiz, Liber, Agüeira, Ousón, Becerreá, Cruzul, Ouselle, Guilfrei, Ferreiros de Valboa e Vilouta, todas do actual concello de Becerreá; máis Santo André, Quintá, A Alence e Torés, nas Nogais; San Pedro de San Martín de Neira de Rei, San Miguel de Neira de Rei, Sixeirei, Vilarpunteiro, Piñeira, Costantín, Vale, Pol, Aranza, Francos, Berselos, Covas, Laxes, Lebruxo, Arroxo, Baralla e Lexo en Baralla; Lamas do Biduedo, Cancelo e Vilavella en Triacastela; Cedrón, Vilaesteva de Herdeiros, Bande, Vilaleo, Pousada e Vilouzán en Láncara; Fonteo, A Braña, Retizós, A Esperela, Librán, A Degolada, A Lastra, Cubilleido, A Fontaneira e Martín en Baleira; Corvelle en Sarria, Castrillón no Corgo, Vilalle e A Pumarega en Castroverde, Bruicedo na Fonsagrada, e Ribas Altas en Monforte de Lemos. En 1505 pasa a depender da Congregación de Castela, perdendo o título de abadía. En 1835, tras a exclaustación, o mosteiro quedou abandonado, foi vendido a particulares e a igrexa pasou a ser parroquial. Historia arquivística: O groso da documentación do mosteiro de Penamaior foi recollida pola Delegación do Ministerio de Facenda tras a desamortización, igual que a dos restantes mosteiros da provincia, sobre todo a partir de 1869, e posteriormente enviada ao Arquivo Histórico Nacional. Porén, algunhas pezas acabaron en mans de particulares, probablemente polo feito de quedar o mosteiro abandonado como consecuencia da exclaustación.



Forma de ingreso: En setembro de 2021 Luis Guillén Pinacho ofreceu este libro tomo á Consellería de Cultura e entregouno no Arquivo Histórico Provincial de Lugo. A Consellería aceptou a doazón por Orde do 17 de xaneiro de 2023.”
3. ÁREA DE CONTIDO E ESTRUCTURA
Alcance e contido: Contén datos sobre a fundación do mosteiro, principais adquisicións de xurisdicións, notarios e protocolos nos que se atopan foros do mosteiro, designación de oficiais, visitas e residencias, ordenanzas, breves e indultos apostólicos, documentación real, donativos, impostos, salarios e pensións. A continuación, e isto constitúe o groso do tumbo, detállanse os dereitos e propiedades do mosteiro agrupados por lugares, con indicación dos documentos que os sustentan e persoas vinculadas. Valoración, selección e eliminación: Conservación permanente. Novos ingresos: Non se prevén.
4. ÁREA DE CONDICIÓNS DE ACCESO E UTILIZACIÓN
Condicións de acceso: Libre. Condicións de reprodución: O custo das copias está suxeito ao Decreto 219/2011, do 17 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos e as normas dos servizos de reprodución prestados nos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia. Lingua/escritura dos documentos: Castelán. Escritura humanística Características físicas e requisitos técnicos: Libro de gran formato encadernado con tapas de madeira cubertas de coiro, reforzos metálicos nos cantos e peches tamén metálicos. Restaurado. A encadernación aparece rota polo lombo e mantívose separada do libro por motivos de conservación.
5. ÁREA DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA
Unidades de descrición relacionadas: O resto da documentación do mosteiro de Penamaior custódíase no Arquivo Histórico Nacional.
6. ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN

Nota da/o arquivista: María Díaz Bernárdez.
Regras ou normas: GRUPO DE ARQUIVEIROS DE GALICIA: *Norma galega de descrición arquivística (NOGADA)*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2010.
Data da descrición: maio de 2026.



DOCUMENTOS SINGULARES
CLERO / MOSTEIRO DE PENAMAIOR

DÍA INTERNACIONAL
DOS ARCHIVOS 2026

TOMBO 3: memoria e fiel traslado dos coutos, xurisdicións, foros, rendas, censos, montes, padroados, presentacións de beneficios, privilexios, vendas, compras, doazóns, apeos, executorias, preitos e outras cousas do Mosterio de Pena Maior, feito \comezado/ ano de 1702 \debía decir principiado e non feito/ sendo abade presidente o Padre Frei Sebastián Cavallero

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE LUGO

A orixe do Mosteiro de Santa María de Penamaior (Becerreá) é difusa porque mentres algunhas fontes sitúan a súa fundación no século X, outras fano no último cuarto do século XII, cando foi doado ao Mosteiro de Santa María de Carracedo, converténdose nun priorado da abadía leonesa aínda na súa etapa beneditina. En 1203 Carracedo pasou a depender da abadía de Cîteaux (Borgoña) converténdose en cisterciense xunto coas diferentes casas vinculadas a este.

En 1225 o Papa reconece Penamaior como abadía, condición que mantivo ata 1505, data na que se afiliou á Congregación de Castela baixo a autoridade de San Salvador de Salamanca, perdendo a dignidade abacial.

Coa Desamortización, quedou despoñado dos seus bens e abandonado, transformándose a igrexa en parroquial e pasando o resto de dependencias a mans de particulares.

A maior parte da documentación do mosteiro atópase no Arquivo Histórico Nacional, aínda que, co mencionado paso das dependencias a particulares, algunhas pezas corron a mesma sorte. Nesta circunstancia se atopa o “Tombo 3” que hoxe presentamos, chegado ao noso arquivo en 2023 froito da doazón dun particular.





A orixe da palabra *tombo* conta con diferentes interpretacións, desde a latina *tomex* (tomo) ou a grega *túmulo*, en referencia ao seu tamaño (e non á posición na que se garda), ata a arca que o contén, pola súa semellanza coa forma dunha sepultura. En calquera dos casos, trátase dun libro onde os mosteiros, catedrais, igrexas ou concellos rexistraban datos de interese para a súa historia e o control de privilexios, escrituras e pertenzas. Era, en definitiva, un instrumento administrativo no que se recollía toda a información vital dos mosteiros.

A proliferación de instrumentos escritos, xunto coa potenciación do valor do documento como proba de dereito propiciaron que, na segunda metade do século XV, a Congregación de Castela se preocupase de legislar a práctica arquivística dos mosteiros, dando criterios para a ordenación, rexistro e catalogación dos documentos xerados. Estas directrices ampliáanse sobre todo nas compilacións de 1633, 1683 e 1786.

O arquivista cisterciense organizaba e conservaba os documentos, tratando de evitar o latrocinio e as perdas. Ao mesmo tempo, debía facilitar a súa localización no arquivo.

O tombo que nos ocupa, seguindo as instrucións da Congregación, principia coa información sobre a súa orixe e fundación, as doazóns, os privilexios reais, a relación de escribíans numerarios etc. A continuación constan ordenados por freguesías e lugares os bens e dereitos do mosteiro, xunto coas escrituras que hai ao respecto e o lugar onde atopalas. Salientamos tamén o feito de que se fixo a previsión de deixar un bo número de folios en branco para asentar novos documentos.

Concluimos dicindo que o tombo era a clave para o acceso aos documentos do arquivo, non en van tamén se lle chama na compilación de 1786 “libro mestre”.



230